



Comité Intercentros
Universidade de Vigo

PETICIÓN PARA QUE A XERENCIA RECUPERE AS FUNCIÓN DECISORIAS ENCOMENDADAS A D. IGNACIO MUNILLA.

Con respecto as funcións que o Sr. Reitor lle outorgou ao director da Oficina de medio ambiente (OMA) este órgano de representación, na reunión celebrada o 28 de novembro, acordou facer as seguintes consideracións.

O CI subscribe o que se recolle no último informe que o Consello de Contas realizou sobre a Universidade de Vigo. En dito documento, cando se fala da contratación de persoal eventual con funcións decisorias, di o seguinte: *“En opinión deste Consello de Contas, as funcións decisorias e de organización que ten atribuídas o cargo deben quedar excluídas do exercicio por persoal eventual, previsto para o desempeño de funcións de asesoramento”*

O Pleno do CI entende, polo tanto, que o director da OMA non pode ter nin funcións decisorias nin competencia sobre asuntos de organización nin da oficina, nin do persoal adscrito a mesma, e, moito menos, sobre o persoal pertencente a calquera das relacións de postos de traballo existente na Universidade de Vigo.

A única función que se lle pode encomendar a D. Ignacio Munilla é a de asesor, por esta razón, o CI entende que a xerencia que Vde. dirixe ten que recuperar as funcións delegadas, inapropiadamente, ao actual director da OMA.

Vigo, 30 novembro de 2006

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO